



FEDERACION GALEGA  
DE AUTOMOBILISMO  
E-Mail: fga@fga.es  
http://www.fga.es  
Tlfo: 988 272 841 - Fax: 988 271 461  
Ctra. de Vigo, 43 Baixo - O Pino  
32001 OURENSE



DEPORTE  
GALEGO



XUNTA DE GALICIA  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte

Comunicado nº 199/20  
3 de Decembro de 2020

## 2ª COPA KINCAR 2021

CAMPIONATO DE GALICIA DE MONTAÑA

PROXECTO



### Artigo 1.- ORGANIZACIÓN.

A Federación Galega de Automobilismo, organiza para o ano 2021 a **2ª COPA KINCAR 2021** para vehículos carcross de 600 c.c. propulsión traseira.

O presente regulamento complementarase co Anuario de Galicia 2021, da Federación Galega de Automobilismo, nos apartados que non figuren neste documento.

### Artigo 2.- PARTICIPANTES.

A) Poderán participar tódolos pilotos que estean en posesión das licencias conforme ó Anexo I do Anuario 2021 e participen nas probas puntuables na tempada 2021 do Campionato de Galicia de Montaña.

B) A Federación Galega de Automobilismo resérvase o dereito a rexeitar calquera inscrición á **2ª COPA KINCAR 2021** sen ter que xustificalo, previo informe interno da Comisión Executiva da Federación Galega de Automobilismo.

### Artigo 3.- VEHICULOS ADMITIDOS.

A **2ª COPA KINCAR 2021** está reservada exclusivamente a tódolos vehículos de propulsión traseira para vehículos carcross de ata 600 c.c., que estean en posesión do pasaporte administrativo expedido pola Federación Galega de Automobilismo, para a tempada 2021, téndose que inscribir na Agrupación 9 sendo da marca Kincar.

### Artigo 4.- INSCRICIÓN.

Unha vez aceptada a inscrición, previa solicitude do pasaporte administrativo, na **2ª COPA KINCAR 2021** o participante estará oficialmente inscrito neste.

Tódolos interesados en inscribirse na **2ª COPA KINCAR 2021** terán que facelo enviando a folla de inscrición en formulario "online" sita na [www.fga.es](http://www.fga.es), igual que a que figura ó final deste regulamento indicando o número de pasaporte administrativo.

#### FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO

Ctra. de Vigo 43, Baixo, O Pino - 32001 Ourense. • Fax: 988-271461

nun prazo non inferior a 10 días hábiles antes da celebración da primeira proba na que se desexe participar. Non se aceptará ningunha inscrición incompleta, podendo chamar telefonicamente (Consulta) o Departamento das Fórmulas de Promoción para a confirmación da correcta inscrición.

### Artigo 5.- PROBAS.

Para a **2ª COPA KINCAR 2021**, serán validas as probas de Montaña puntuables para os Campionatos Autonómicos de Galicia, debidamente aprobados pola Federación Galega de Automobilismo.

MONTAÑA			2021
DATA	PROBA	ESCUDEIRA	COEFICIENTE
24/25-04-2021	14ª SUBIDA A STA. MARÍA DE OIA	BM	8
12/13-06-2021	2ª SUBIDA A DUMBRIA	SENRA SPORT	7
03/04-07-2021	9ª SUBIDA A PONTENOVA	A PONTENOVA	7
17/18-07-2021	23ª SUBIDA PONTEVEDRA-ALMOFREI	CIDADE PONTEVEDRA	7
07/08-08-2021	25ª SUBIDA A ESTRADA	ESTRADENSE	7
04/05-09-2021	3ª SUBIDA A TABOADELA	TABOADELA	7
09/10-10-2021	1ª SUBIDA A ROIS	CORAUTO	7

### Artigo 6.- PREMIOS.

A) En cada unha das probas puntuables para a **2ª COPA KINCAR 2021** outorgaranse os premios segundo a seguinte táboa:

NON CARROZADOS		
ORD	COEFICIENTE 7	COEFICIENTE 8
1º	800 € Trofeo e Coroa de Loureiro	900 € Trofeo e Coroa de Loureiro

2º	600 € Trofeo	700 € Trofeo
3º	400 € Trofeo	500 € Trofeo
4º	215 € Trofeo	305 € Trofeo
<b>Total</b>	<b>2.015 €</b>	<b>2.405 €</b>

<b>AGRUPACIÓN 9</b>		
<b>Ag. 9</b>	1º 170 € Trofeo	1º 190 € Trofeo
	2º 100 €	2º 100 €
<b>Total</b>	<b>270 €</b>	<b>290 €</b>

**Artigo 7.-** Dentro do Campionato crease a **2ª COPA KINCAR 2021**, para os vehículos participantes fabricados pola empresa Kincar Competición, cos seguintes premios por proba otorgados pola empresa Kincar Competición, para os modelos denominados de Carcross e admitidos na agrupación 9:

- 1º 150 € equivalente en pezas do constructor KINCAR
- 2º 100 € equivalente en pezas do constructor KINCAR
- 3º 50 € equivalente en pezas do constructor KINCAR

Tódolos premios deste apartado e están afectados, no seu caso, pola retención vixente aplicada polo Ministerio de Facenda a conta do IRPF. Os premios serán abonados pola empresa Kincar Competición.

**Artigo 8.- PREMIOS FINAIS.** Premios finais a entregar na Gala de Entrega de Premios 2021:

Premios finais CARCROSS MULTIMARCA (PILOTOS):	Premios finais CARCROSS KINCAR (PILOTOS):
1º Trofeo de Bronce FGA	1º Trofeo de Bronce FGA
2º Trofeo de Bronce FGA	2º Trofeo de Bronce FGA

**Artigo 9.- PUNTUACIÓNS.**

En cada unha das probas puntuables, para a **2ª COPA KINCAR 2021**, otorgaranse os seguintes puntos segundo o posto e coeficiente da proba.

9.1.- Despois de cada proba puntuable e para cada unha das Agrupacións, serán atribuídos uns puntos ós conductores, segundo a súa clasificación, e de conformidade co seguinte baremo:

<b>1º</b>	<b>2º</b>	<b>3º</b>	<b>4º</b>	<b>5º</b>
5	4	3	2	1

9.2.- Atribucións de puntos de acordo co lugar obtido na clasificación xeral scratch:

<b>1º</b>	<b>2º</b>	<b>3º</b>	<b>4º</b>	<b>5º</b>	<b>6º</b>	<b>7º</b>	<b>8º</b>	<b>9º</b>	<b>10º</b>
10	9	8	7	6	5	4	3	2	1

9.3.- Os puntos obtidos dacordo co indicado nos apartados 9.1. e 9.2. serán sumados e o seu total multiplicado polo coeficiente da proba considerada.

9.4.- A clasificación final **2ª COPA KINCAR 2021** será establecida entre aqueles pilotos que participasen nun número de probas igual a metade máis unha das probas celebradas. Para a clasificación final reteranse e sumaranse os resultados de tódalas probas celebradas no calendario deste regulamento menos unha. Se un participante non participa nunha proba a mesma poderase descontar para a clasificación final.

**Artigo 10.- IMPOSICIÓNS TÉCNICAS.** A altura máxima do chasis, de tódolos carcross participantes nas probas dos Campionatos de Galicia de Montaña 2021, será dun máximo de 10 cms., en plano e ambos eixes (dianteiro e traseiro). A estrutura metálica ten que estar ó cuberto por superficies deformables, pvc



**FEDERACION GALEGA DE AUTOMOBILISMO**  
E-Mail: fga@fga.es  
http://www.fga.es  
Tlfno: 988 272 841 - Fax: 988 271 461  
Ctra. de Vigo, 43 Baixo - O Pino  
32001 OURENSE

**AON**  
Empower Results®

**Allianz**

**MARKEL**



**DEPORTE GALEGO**


**XUNTA DE GALICIA**  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte

ou plásticos industriais, así como a instalación dun parabrisas dianteiro laminado ou de policarbonato dun espesor mínimo de 5mm. Está prohibida a instalación de metacrilatos ou plásticos non homologados. Si se instalan ventanillas laterais de policarbonato terán un espesor mínimo de 3 mm.

**Artigo 11.- PNEUMÁTICOS.** Tódolos vehículos deberán montar pneumáticos para asfalto "Goldspeed devil ou Maxxis Spearz" en medidas para o eixe dianteiro (165/70-10) e no eixe traseiro (225/40-10). Os pneumáticos pódense mercar en calquera distribuidor, non están permitidos os pneumáticos de tacos. O uso de faldillas nas rodas é obrigatorio (dianteiras e traseiras) e será causa de denegación a participación. Pódese solicitar á Comisión Executiva a monta doutros pneumáticos para asfalto para a súa homologación.

**Artigo 12.- EQUIPO DE EXTINCIÓN.** Tódolos carcross participantes terán que levar instalado, a man do piloto, un extintor "MANGIAFUOCO", de 100 segundos de actuación, ou dun equipo de extinción do Grupo "A" según normativa F.I.A. 2021.

**Artigo 13.- PONTÓNS.** É obrigatorio a instalación de pontóns laterais para a seguridade e zonas de publicidade, números de competición, etc.



**Artigo 14.- COMISARIO DE SEGUIMIENTO.** O Comité organizador nomeará a unha persoa, a cal estará debidamente acreditada e identificada, para facer o seguimento da publicidade, e todo o concernente o bo desenrolo da **2ª COPA KINCAR 2021**.

#### **Artigo 15.- PUBLICIDADE.**

A publicidade terá que porse nos pontóns laterais (1m x 20 cm.) (parte superior), coa salvedade de que teñen man (dereita, esquerda). Baixo ningún concepto estará permitido recorta-la publicidade nin tapa-la parcialmente. O incumprimento implicará a perda dos puntos e premios da proba de referencia. O que implicará a descalificación a tódolos efectos da **2ª COPA KINCAR 2021**.

**ESQUERDA**



**DEREITA**



**Artigo 16.- CLASIFICACIÓNS.** A clasificación que se publica como xeral-scratch estarán incluídos os vehículos de carcross e optan os premios e trofeos da clasificación específica de non carrozados, agrupación 9, así como da publicación de xeral scratch.

**Artigo 17.- LUGAR DE SAÍDA NAS PROBAS.** Os vehículos de carcross sairán, en tódalas probas de montaña, de seguido e despois dos fórmulas, barquetas, e CM.

**COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DAS FÓRMULAS DE PROMOCIÓN**